

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO VALDEPEREIRA (EXPEDIENTE IN661A DXIEM-05/11).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE O IRIXO (OURENSE) E LALÍN (PONTEVEDRA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN.

PROMOTOR: AEROGENERACIÓN GALICIA, SL.

OBJECTO

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 30 de novembro de 2021, do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Valdepereira, nos concellos de O Irixo e Lalín (Ourense e Pontevedra), de xuño de 2021, en cumprimento do establecido no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o fondo de Compensación Ambiental, así como nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O documento sometido a informe, ten como obxecto identificar, describir e avaliar os posibles efectos significativos no medio ambiente da aplicación do proxecto, planeando alternativas razoables ambiental e tecnicamente viables, que teñan en conta os obxectivos, o ámbito de aplicación xeográfico do mesmo e os resultados da tramitación previa realizada.

ANTECEDENTES

Con data 17 de setembro de 2021, por resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico Valdepereira (Nº expediente: IN661A DXIEM-05/11), promovido por Aerogeneración Galicia, SL, o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (en diante PHGC).



- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN

A documentación aportada para o presente informe é o **“PARQUE EÓLICO DE PICO SECO Y SU LÍNEA DE EVACUACIÓN. PARQUE EÓLICO DE VALDEPEREIRA. ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL.”**, de xuño de 2021, dirixido polo licenciado en ciencias Biolóxicas, D. Manuel Antonio Tourón Gómez, asinado o 12/07/2021 e que inclúe unha memoria e once anexos (1.- Planos; 2.- Estudo de Impacto e Integración Paisaxística; 3.- Patrimonio Cultural; 4.- Campaña Preoperacional Aves e Quirópteros. Avance de Resultados; 5.- Reportaxe Fotográfica; 6.- Impacto Turístico; 7.- Documento de Síntese; 8.- Normativa Ambiental Aplicable; 9.- Campos Eléctricos e Magnéticos; 10.- Equipo Redactor; 11.- Fontes e Bibliografía). Todo elo en formato dixital (pdf).

Seguidamente descríbense as instalacións do parque eólico de Pico Seco, non sendo este parque obxecto do presente informe, e posteriormente descríbense as instalacións do parque Eólico de Valdepereira, de 24 MW de potencia total, integrada por 6 aeroxeradores de tres pas de 150 m de diámetro de rotor, con 4,00 MW de potencia nominal unitaria e 105 metros de altura de buxeiro.

As coordenadas UTM (Datum ETRS89, fuso 29) da poligonal do parque son:

Nº Aeroxerador	X-UTM (F29 ETRS89)	Y-UTM (F29 ETRS89)
a	567749,49	4712955,53
b	568282,37	4712959,65
c	568861,28	4712308,53
d	569875,16	4711916,77
e	569875,14	4705993,82
f	566875,14	4705993,44
g	566875,14	4708105,19
h	567055,14	4708105,20
i	567055,15	4708385,20
j	567175,15	4708385,20
k	567175,15	4708985,20
l	566875,15	4708985,20
m	566875,16	4710785,21
n	567545,16	4710785,21
o	567545,16	4711523,65
p	568235,16	4711525,22
q	568235,16	4712025,22
r	567895,16	4712125,22



As coordenadas UTM (Datum ETRS89, fuso 29) dos aeroxeradores, na alternativa ALT-03 escollida, que compoñen o parque son:

Nº Aeroxerador	X-UTM (F29 ETRS89)	Y-UTM (F29 ETRS89)
VP-01	569.529,22	4.711.819,22
VP-02	568.990,44	4.708.036,73
VP-03	568.345,37	4.707.677,08
VP-04	567.895,60	4.707.565,59
VP-05	567.504,37	4.707.286,65
VP-06	567.272,41	4.706.570,70

A localización da torre meteorolóxica será:

	X-UTM (F29 ETRS89)	Y-UTM (F29 ETRS89)
TORRE 1	568.507,00	4.708.050,00

A localización da Subestación transformadora será:

Vértices da Subestación	X UTM F29 ETRS89	Y UTM F29 ETRS89
Centro Xeométrico	569343,35	4708764,00
A	569356,28	4708807,98
B	569361,43	4708772,04
C	569374,88	4708773,97
D	569381,56	4708727,35
E	569316,97	4708718,09
F	569305,14	4708800,65

Por outra banda, o Estudio de Impacto Ambiental aporta un estudo do territorio onde recolle a caracterización xeográfico, climatolóxico, calidade do ar e contaminación acústica, xeoloxía, hidrografía, etc. Neste inventario, no apartado de hidroloxía, indícase que o parque eólico de Valdepereira dispónse no interfluvio que separa as cuncas do río Viñao e do seu afluente, o río Testeiro, ambos asociados a unha cunca do río Miño e, de ambos os dous, con respecto a unha cunca do Lebozán, asociado a unha cunca do Asneiro. Así, a vertente norte do cordal sobre a que se atopa o parque drena cara a cabeceira da cunca do Lebozán, mentres que as vertentes do cordal que actúa de interfluvio entre o Testeiro e Viñao, drena pola súa vertente oeste cara o primeiro e, pola leste, cara o Viñao.



INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca, e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

O Parque Eólico Valdepereira atópase situado dentro dos municipios de O Irixo e Lalín, nas provincias de Ourense e Pontevedra, no territorio que se estende polo límite entre o ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e o ámbito competencial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Os sistemas de explotación nos que se sitúa o parque eólico son o número 05 "RÍO ULLA E RÍA DE AROUSA (MARXE DEREITA)" (Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa), e o sistema de explotación "MIÑO BAIXO" (Confederación Hidrográfica do Miño-Sil).

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia, dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa os seguintes cursos fluviais codificados por Augas de Galicia como río de Lebozán (24405911) e o río Chedas (2440591708), así coma os seus afluentes, tributarios todos eles do Río Umia (244), e dentro da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil atópase o curso fluvial río Vínao I (ES477MAR001910) e o os seus afluentes. Os encoros máis próximos ao parque son os encoros de Anllo, Arroibar e San Xusto no río Lérez (Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa), a máis de 22 quilómetros ao oeste da infraestrutura, así como o encoro Albarellos, no río Avía (Confederación Hidrográfica do Miño-Sil) a máis de 11 quilómetros ao sur do parque proxectado.

Pódese consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2019 da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, as instalacións do parque eólico, accesos e a conexión coa evacuación do parque eólico non presentan afeccións ao medio hídrico dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais cunha conca de aportación inferior a 1 km² ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de dominio público hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais dunha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflictan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos dos ríos así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia canta documentación se considere necesaria.



Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía dentro do ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Asemade, cómpre salientar que na documentación presentada indícase unha descrición do cruce das gabias de cableado cos cursos fluviais pero non se establecen medidas ou planos con cotas de detalle, polo que este aspecto debe aclararse en caso necesario da súa execución, no momento procedemental da correspondente solicitude de autorización a Augas de Galicia, optando en todo caso pola metodoloxía construtiva que menor afección cause ao medio hídrico e ao seu entorno.

Destacar, en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non atravesan ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia: <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Salientar ao respecto das zonas protexidas do PHGC, que a reserva natural fluvial denominada “Río Ulla Deza” (ES014RNFL000000005) atópase a máis de 5 quilómetros ao oeste da actuación.

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, destacar a Zona de Especial Conservación (ZEC) “Serra do Candán” (ES1140013), sitúanse aproximadamente a 1 quilómetros ao oeste das instalacións do parque.

Por outra banda, non hai ningunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) nas proximidades.

Deberase atender as prescricións feitas no PHGC sobre zonas protexidas, así como aos condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, non constan captacións inscritas na contorna do ámbito de actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras) dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Destacar, que no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano



outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do PHGC (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 "Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico" deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a



execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo a súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor



deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as condicións particulares deste informe.

Na documentación presentada explícase que no edificio de control proxéctase ou ben instalar un depósito enterrado ou ben incluír un pozo, e un sistema de bombas para conducir auga aos puntos necesarios do edificio. O saneamento dos servizos hixiénicos do edificio de control realizáranse a través dunha fosa séptica de tres cámaras desaugando nun pozo depurador de augas negras.



Por esta Entidade, cómpre lembrar que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberá solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.

Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos dos ríos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.



Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de prestamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Proxecto do Parque Eólico de Valdepereira**, nos concellos de O Irixo (Ourense) e Lalín (Pontevedra), no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe, sinalando que as instalacións proxectadas atópanse en parte no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, polo que se debería realizar a consulta á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe, así como as indicadas nos documentos sometidos a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente dende o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo, e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

A Xefa de Área de Autorizacións e Concesións-María C. Beneyto González-Baylin-(Sinatura Dixital).

O Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico-Roberto Arias Sánchez-(Sinatura Dixital).

